

## Noriega Varela, poeta lusófilo

### Xosé Ramón Freixeiro Mato

#### Formas de citación recomendadas

##### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

FREIXEIRO MATO, XOSÉ RAMÓN (2011 [2000]). “Noriega Varela, poeta lusófilo”. En J. L. Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero* (vol II). Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, 275-299. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/114>>

##### 2 | Por referencia á publicación orixinal

FREIXEIRO MATO, XOSÉ RAMÓN (2000). “Noriega Varela, poeta lusófilo”. En J. L. Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, (vol II). Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, 275-299.

\* Edición dispoñíbel desde o 22 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# NORIEGA VARELA, POETA LUSÓFILO

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Universidade da Coruña

## 1. Introducción

António Noriega Varela (Mondoñedo, 1869-Viveiro, 1947) talvez sexa o poeta galego xa clásico máis intimamente relacionado con Portugal e a súa literatura, así como un dos máis lidos e estimados no país irmán. Referindo-se á 3ª edición de *Do Ermo* (1929), o mesmo autor confesa por carta a un amigo: “De la última edición de *D’o Ermo* hay, seguramente, más ejemplares en Portugal qe. en Galicia, porque allí fueron muy estimados”<sup>1</sup>.

O seu amor por Portugal provén das súas leituras nos anos mozos, sendo estudante no Seminario da súa cidade natal: “Quero a Portugal desde a minha mocidade, quando, enliñado na rêde implacábel dos estudos escolásticos, caíram em minhas mãos os primeiros libros de autores portugueses”<sup>2</sup>. Foi, pois, através da literatura, e especialmente da poesía, que Noriega se sentiu unido espiritualmente e para sempre ao país viciño, moito antes de chegar a coñecé-lo físicamente:

“Ao penetrar-me a harmonia dos seus versos, a suprema idealidade do seu exaltado sentimento, despertei num mundo novo e desde então, a pesar dos golpes da sorte e dos inexoráveis mandatos da vida, jamais deixei de colher flores no mimoso jardim das vossas letras, jardim espiritualizado por um luar romântico, rumorejado pelo sopro de uma inspiração sempre moça, povoado pelas mais subtis criações da Arte”<sup>3</sup>.

A súa relación coa pátria de Camões fará-se máis intensa e produtiva a raíz do contacto directo cos seus escritores e coas súas xentes e paisaxes, chegan-[276]do a afirmar en 1924 que “entre los portugueses *son como da casa*”<sup>4</sup> e no ano seguinte que “Portugal es la patria de mi espíritu”<sup>5</sup>. A predilección pola poesía portuguesa fíca patente ao final da súa vida, cando afirma nunha entrevista: “Eu leio preferentemente poetas portugueses”<sup>6</sup>. Portugal

<sup>1</sup> Cfr. o libro da nosa autoría, *A cara oculta de Noriega Varela (biografía e textos esquecidos)*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 1992, pp. 232-233. A cursiva nas citas textuais da correspondencia de Noriega, agora e no sucesivo, corresponderán sempre aos subliñados do autor.

<sup>2</sup> Cfr. António Noriega Varela, *Discurso pronunciado na soleníssima festa que o Instituto Histórico do Minho dedicou á excelsa poetisa galega Rosalia de Castro em 15 de Julho de 1923*, Viana do Castelo, Tip. Comercial «A Aurora do Lima», 1924 (Separata de *A Aurora do Lima*).

<sup>3</sup> *Ibid.*

<sup>4</sup> Carta do autor a Álvaro Cebreiro, de 28.5.1924 (Cfr. da nosa autoría *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*, vol. 2, Deputación de Lugo, 1994, p. 404).

<sup>5</sup> Nova carta a Álvaro Cebreiro, de 1.6.1925 (*Ibid.*, p. 412).

<sup>6</sup> Cfr. Álvaro Paradela, “Unas opiniones del folk-lorista gallego Noriega Varela”, *La Noche*, Santiago de Compostela, 6.6.1946.

correspondeu a este amor do poeta da montaña pola súa literatura e polo país en xeral dando-lle un lugar destacado entre os poetas galegos ali preferidos<sup>7</sup>.

## 2. Un soneto de 1903 inspirado en Camões

Despois de ter que abandonar o Seminario en 1895 por non lle ser permitido ordenarse sacerdote, o poeta consegue o título de mestre, obtendo en 1901 a cobizada escola de Fondós (Foz). Ao ano seguinte casa nesta vila mariñeira; en Outubro de 1903 morre-lle o seu fillo primoxénito cando só tiña sete meses de idade, feito que lle inspirou o sentido soneto “Fillo do corazón...”. Este, o segundo que compuxo o autor polas informacións dispoñíbeis, fica estilisticamente á marxe da serie dos 21 sonetos que constitúen a aportación máis importante á edición de *Do Ermo* realizada en Mondoñedo en 1929 e compostos todos eles en Trasalba e a Graña de Vilarente baixo o influxo dos líricos portugueses do momento.

En contra do que opina Aquilino Iglésia Alvariño<sup>8</sup>, Noriega xa coñecera na súa época de Foz a lírica de Camões, como demostra este mesmo soneto, composto en grande parte imitando aqueloutro do grande lírico portugués “Alma minha gentil, que te partiste”, segundo Filgueira Valverde<sup>9</sup> talvez inspirado tamén na morte dun fillo, aínda que parece moito máis convincente a interpretación de Maria de Lurdes Saraiva, para quen é unha “homenagem à jovem [277] amada que acaba de morrer”<sup>10</sup>, suxerindo a posibilidade de se tratar de Dinamene, moza chinesa que pereceu no naufraxio do río Mecom<sup>11</sup> e a quen Camões dedicou varios sonetos. Velaí os dous textos:

Fillo do corazón, que nas meniñas  
dos teus ollos levache os meus amores,  
descansa eternamente sobre frores,  
que eu non te hei de olvidar entre as espiñas.

Si as bágoas de tua mai i as bágoas miñas  
non te rezusitaron... ¡xa n’acores!;  
este mundo é o liñeiro das delores,  
i o ceio ¡fíxoo Dios prás estreliñas!...

A Virxe te acobexe co seu manto  
e, xa que é tan cativa a miña sorte  
que no me valeu nada achousar tanto,

<sup>7</sup> Pedro da Silveira, por exemplo, afirma: “Noriega, que foi, despois de Rosalia de Castro, talvez o poeta galego mais estimado em Portugal, é também porventura aquele, entre todos, que maior influência acusa no seu lirismo, em especial como sonetista, de poetas nossos” (Cfr. “Raul Brandão e «As illas desconhecidas». Duas cartas de Noriega Varela a João Verde e os cadernos de notas da viagem pelos Açores”, *Atlântida*, Angra do Heroísmo, vol. XXXII, 2º Semestre de 1986).

<sup>8</sup> Falando do período de Calvos de Randín di que “pasa los largos días sin nada releendo en los *Trozos selectos* de estudiante, las epístolas de San Jerónimo, el *Cancionero popular gallego*, de Ballesteros, y los libros amigos que iban llegando de Portugal (El Camoens lírico, desconocido hasta entonces, Herculano, Augusto Gil, Teixeira de Pascoaes y, poco a poco, toda la moderna lírica portuguesa)” (Cfr. “Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña”, *Faro de Vigo*. Número especial conmemorativo del centenario (1853-1953), 1953, p. 164).

<sup>9</sup> Vid. *Camoens*, 2ª ed., Madrid, Editora nacional, 1975, pp. 138-143 (Estudo de ‘Alma minha gentil, que te partiste’).

<sup>10</sup> Cfr. Camões, *Sonetos*, Fixação do texto, paráfrases explicativas e notas de... Biografía do poeta de José Hermano Saraiva, Mira-Sintra, Publicações Europa América, 1990, p. 184.

<sup>11</sup> *Ibid.*, p. 185.

¡pide que a triste vida se me acorte!  
mellor quero ir parar ó campo santo,  
que vivir recordando a tua morte<sup>12</sup>.

---

Alma minha gentil, que te partiste  
tão cedo desta vida descontente,  
repousa lá no Céu eternamente,  
e viva eu cá na Terra sempre triste.

Se lá no assento etéreo, onde subiste,  
memória desta vida se consente,  
não te esqueças daquele amor ardente  
que já nos olhos meus tão puro viste.

E se vires que pode merecer-te  
alguma cousa a dor que me ficou  
da mágoa, sem remédio, de perder-te,

roga a Deus, que teus anos encurtou,  
que tão cedo de cá me leve a ver-te,  
quão cedo de meus olhos te levou<sup>13</sup>.

Xa o profesor Carballo Calero sinalara “a estreita dependencia dunha fonte literaria, que Noriega deliberadamente practicou ao compor un poema sobre asunto tan persoal e íntimo. Dista, pois, moito este soneto de sere un brado lírico espontáneo. Polo demais, vese que Noriega tiña ben lido a Camoens –polo menos unha das súas composicións– moito denantes das súas viaxes a Portugal e as súas relacións epistolares con escritores portugueses”<sup>14</sup>.

Tamén José Agostinho afirma a respeito deste soneto:”eu quero apresentar, num espléndido soneto de Noriega, uma especie de condensação da sua arte e do seu estro... Não é admirável? Não lembra o sentimento camoneano e, ao mesmo tempo, o primor e trágica melancolia de Antero?”<sup>15</sup>.

**[278]** Esta clara influencia do grande lírico portugués non resta valor ao magnífico soneto de Noriega Varela<sup>16</sup>, senón que marca o inicio dunha frutífera relación do poeta mindoniense coa literatura de alén Miño.

<sup>12</sup> Transcrebe-se o texto pola nosa edición *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, op. cit., vol. 1, p. 370.

<sup>13</sup> Reproducido da edición de Maria de Lurdes Saraiva, op. cit.

<sup>14</sup> Cfr. “Os sonetos de Noriega Varela”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, nº 355, Decembro de 1973, p. 23. Neste mesmo artigo o admirado profesor vai comparando verso a verso os dous sonetos, pondo de manifesto a relación estreita entre ambos e a dependencia do modelo camoneano á hora de o autor de *Do Ermo* compor este sentido pranto pola morte do seu fillo primoxénito. O mesmo Noriega escribe nunha carta a Teixeira de Pascoaes, de 23.11.1922: “Hay en Portugal *Maestros del soneto* qe. se pueden codear con los mejorcitos del mundo; lei entusiasmado ‘Alma minha’ y conozco algunos de Bocage, y uno de Antero (Antero es aquí famosísimo)”.

<sup>15</sup> Cfr. “Prefácio”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 164, 5.2.1921.

<sup>16</sup> O mesmo Camões tomou a inspiración para compor o seu poema no soneto de Petrarca “Questa anima gentil che si disparte”, sen que por iso diminua o seu valor.

### 3. O desterro do poeta: definitiva unión con Portugal

Noriega Varela é obxecto dun expediente mentres desempeñaba a súa función de mestre en Foz, que termina coa suspensión deste destino en Febreiro de 1911 e o traslado forzoso a Calvos de Randín, no outro extremo da Galiza, na raia con Portugal, onde permanecerá por uns tres anos, até que en 1913 consegue ser destinado á escola de Trasalba, onde exerce até 1926, en que regresa ás terras lugueses.

Sen dúbida o feito máis importante, ou que máis influencia tivo na traxectoria poética de Noriega nesta etapa ourensá, foi o contacto cos escritores portugueses, que o levará por unha vía poética de maior pureza, afastando-se cada vez máis da liña costumista e descritiva decimonónica, representada por *Montañesas*, e penetrando no puro lirismo, na soidade do ermo, á procura dun esteticismo que o aproxima dos poetas parnasianos e simbolistas do país viciño. Esta vía conducirá-o ao máis logrado da súa produción, os sonetos, aparecidos case todos na 3ª edición de *Do Ermo*<sup>17</sup>.

#### 3.1. A veneración por Teixeira de Pascoaes

Nos escritores do norte de Portugal vai achar Noriega unha acollida extraordinaria<sup>18</sup>, correspondida por unha crecente admiración do poeta polo país, as súas xentes e, sobre todo, polos seus poetas, entre os que levará a palma [279] Teixeira de Pascoaes, que entra en contacto con Noriega en 1921 através de Vicente Risco:

“El día 7 de este mes de mayo, fué de gran fiesta para mi corazón, ya qe. un caballero me entregó, de parte de Don Vicente Risco, “Sombras”, valiosísimo librito de poesías, con que, por mediación de dicho Sr. Risco, Vd. se digna favorecerme”<sup>19</sup>.

Foi, pois, Teixeira de Pascoaes quen iniciou o contacto con Noriega enviando-lle este libro através de Risco, que previamente lle remetera un exemplar de *Do Ermo*<sup>20</sup>. A partir deste contacto, vaise establecer unha fluída correspondencia entre os dous poetas en que fica clara a imensa e mesmo exaxerada admiración de Noriega polo grande lírico portugués, a quen se dirixe como “Altísimo Poeta”, “Eminente Poeta”, “Poeta Máximo da Raza”, etc., inclusive nos sobres das cartas que lle envía, achando-se no seu interior parágrafos como estes:

<sup>17</sup> Editado en Mondoñedo no ano 1929, cando xa estaba de mestre en Abadín, polo Centro de Acción Social Católica.

<sup>18</sup> Así no-la conta Otero Pedrayo: “Ó tempo ourensán corresponde o ditoso inserírese da poesía de Noriega na roseira e no valente e saudoso carballo da poesía portuguesa. Agardaba e dispuña seus viaxes a Portugal. Ia case sempre cunha filla. Il soio manexábase malamente en trens e fondas. O fato entusiasta de escritores e arqueólogos de Viana do Castelo -Xulio de Lemos, o coronel Sarmento, o portuense Carlos de Passos- admiraban ó poeta, o agasallaban no Instituto Histórico do Minho [...]. Pro seu crecedeiro engado aparecía rexido pola lírica de Camões, os sonetos de Anthero, pola cósmica e saudosa arelanza e práitica de apaixonada lembranza de Teixeira de Pascoes. Foi o vate silenzoso de Amarante quen iniciou a amizade. Os lonxes, na Galiza cuio acento soaba pra il nas correntes do Tâmega, sentíu a fonda temática de algús poemas de Noriega. Estabrecéuse entre os dous unha correspondencia que deixa transparentar unha simbólica profunda” (cfr. “Noriega Varela no seu tempo ourensán. Baixo o signo de Portugal. Fortecido e consagrado na terra de Trasalba (y II)”, *Chan*, Madrid, nº 7, II quincena mayo 1969, p. 15).

<sup>19</sup> Primeira carta de Noriega a Teixeira de Pascoaes, de 11.5.1921 (*Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, *op. cit.*, vol. II, p. 371).

<sup>20</sup> Con efecto, na casa de Teixeira de Pascoaes en Amarante figura un exemplar da edición de 1920 que leva unha anotación a man indicando que foi enviado por Vicente Risco; este exemplar non contén dedicatória do autor, ao contrario da edición de 1929, que si leva unha moi extensa.

“Lo que sucede es que en poesía, como en todo, aun hay clases... Y si no se atropellasen muchísimas razones que nos decidieron a proclamaros en nuestros corazones *el poeta máximo de la Raza*, una obvia consideración bastaría: Eugenio de Castro produce de espaldas a la raza y a las tradiciones, vos teneis *la misión altísima de anunciar a Boa Nova*, sois el paladín, *forte e valeroso, da Saudade, a Virgem Mãe da gram raça portuguesa*. No hay, no hay poetas ni poesía, donde quiera!, que alcancen tales alturas. ¡Firmemente creo que sois un singular predestinado!”<sup>21</sup>

“Dios sabe que sois –sin el menor asomo de lisonja– el *Poeta por excelencia*, qe. más qe. otro ninguno me arroba o me cautiva”<sup>22</sup>.

A relación con Teixeira será intensa e cordial, sendo convidado ao pazo de Amarante, a onde acudía acompañado dunha filla, e de onde voltaba cheo de admiración e gratitude pola magnanimidade con que eran tratados: [280]

“Desde el infausto día en qe. hubimos de regresar de ese auténtico Paraíso, insólita tristeza se enseñoreó de nosotros: a mi un enemigo malo me ata las manos; Candi-dinha parece un ángel caído... Hostil se nos presentó el paisaje, y su hostilidad, aver-sión depierta en nuestros corazones”<sup>23</sup>.

Noriega correspondía ás atencións recibidas coa grande devoción que sentía pola poesía<sup>24</sup> e pola persoa do autor de *Marânus*, de xeito que non desistiu nas súas demandas até conseguir ter unha fotografía do poeta saudosista:

“Quiero tener *el alto honor* de ver todos los días su *Vera effigies* a la cabecera de mi cama, o debajo del Cristo, en sitio preferentísimo del local-escuela”<sup>25</sup>.

“Insisto en mis ruegos: Quiero tener en sitio muy preferente de mi chocita el retrato de Teixeira de Pascoaes. Algún día lo conseguiré, sí?”<sup>26</sup>

“Ya que no me quiere Vd. enviar *su retrato* para tenerlo en un cuadrito en sitio muy escogido de mi habitación...”<sup>27</sup>.

O grande prestixio de Teixeira entre a intelectualidade galega, así como o seu carácter bondadoso e o amor e interese que sempre demostrou pola Galiza, converteron-no nun punto de referencia tanto para os nacionalistas galegos como para os anti-nacionalistas. Noriega Varela, pertencente a estes últimos, aproveitará as súas cartas ao poeta lusitano para atacar os primeiros:

“No lo entienden así los pintorescos nazionalistas: cren los muy desorientados que no es poesía lo qe. no sea resolver pavorosos problemas, en verso, y según ellos no

<sup>21</sup> Carta de Noriega a Teixeira de Pascoaes, de 25.3.1922 (*Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, op. cit., vol. II, p. 380).

<sup>22</sup> Carta de 3.6.1923 (*Ibid.*, p. 392).

<sup>23</sup> Carta de 10.8.1923 (*Ibid.*, p. 394).

<sup>24</sup> Afirma Otero Pedrayo: “Noriega leía con amor, repetía con gusto y emoción las cartas llegadas de Amarante, algunas veces, pocas, de Lisboa o de Coimbra [...]. En la alta noche orensana, los siete de cada mes, día de cobro de los maestros, Noriega regresaba del café y de los vagos y encantadores callejeos con don Gumersindo Parada y otros amigos, a su pobre posada y recordaba como nacidos con el alba versos de “Sempre”, de “O regreso ao Paraíso”, de “Maranos”... (Cfr. “Del Orense antiguo. Con Noriega Varela”, *La Región*, Ourense, 17.9.1961).

<sup>25</sup> Carta de Noriega a Teixeira, de 23.10.1922 (*Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, op. cit., vol. II, p. 382).

<sup>26</sup> Carta de 29.12.1922 (*Ibid.*, p. 385).

<sup>27</sup> Carta de 11.2.1923 (*Ibid.*, p. 388).

es artista ni menos poeta de la raza quien como yo no cae en la tentación de irse por esos cerros con un púlpero en cada dedo...

Mientras qe. así discurran, me tendrán en frente [...] Ellos prefieren la violencia; mas sigo creyendo, de corazón, que [281] los sentimientos brutales son incapaces de engendrar la verdadera poesía lírica”<sup>28</sup>.

No defrontamento de Noriega cos nacionalistas, Teixeira de Pascoaes viu-se collido no meio e tentou pór paz e concórdia entre eles<sup>29</sup>. A súa postura motivou os ciúmes de Noriega por ter o poeta de Amarante tamén relación cos nacionalistas, como se pode ver con ocasión dun poema que Teixeira dedicou conxuntamente a “Cabanillas e Varela”<sup>30</sup>; e tamén motivou os ciúmes de Risco, cando en 1926 escribe ao ilustre poeta portugués:

“Ben tempo hai qu’as nosas comunicacións cesaron. Seica foi dend’o viaxe de Paco Luis Bernardes e Noriega Varela que, ou as preferencias da V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup> tomaron outro vieiro, ou non sei que foi, o conto é que non voltei a ter novas da V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup>”<sup>31</sup>.

Grande amigo e protector de Noriega, así como viciño en Trasalba, foi don Ramón Otero Pedrayo, que non trataba a Teixeira<sup>32</sup> nin formaba parte do movemento galeguista nun principio; irá evolucionando cara ao nacionalismo galego, do que chegará a ser un dos principais próceres, mentres que Noriega vai ficar nas posicións ideolóxicas anti-galeguistas que manteñen os seus amigos Jaime Solá, Couceiro Freijomil e Francisco Salgado López-Quiroga<sup>33</sup>, entre outros, con quen Otero tamén tivera unha relación amistosa<sup>34</sup>.

<sup>28</sup> *Ibid.*

<sup>29</sup> Na mesma carta, que segue a un duro ataque que dirixiu ao nacionalismo na precedente, escribe Noriega: “Comienzo por asegurarle qe. mucho me complacen y me confortan sus ideas, de superior excelencia «A Poesia deve ser o Amor e não jamais o Odio!»”.

<sup>30</sup> Escribe-lle Noriega, claramente molesto: “A mi se me conoce cuando firmo o se dice: *Noriega Varela*. De suerte qe. sin siquiera sospecharlo *el Poeta Máximo de la Raza, el Gran Teixeira de Pascoaes*, les dio por el gusto, a medida de su mal deseo, a los redactores de “Nós”, que no pueden verme, *ni pintado!*, y méenos *transigir* con que una tan *Alta Personalidad literaria* me tenga presente, y se digne exaltarme. ¡Oh, los ridiculísimos e indocumentados *nazonalistas* gallegos!” (Carta de 29.12.1922, *Ibid.*, p. 385).

<sup>31</sup> Cfr. Pilar Vázquez Cuesta, “A correspondencia de Vicente Risco con Teixeira de Pascoaes”, *Grial*, Vigo, nº 86, outubro-novembro-décembro 1984, p. 467.

<sup>32</sup> Nalgunha publicación ten-se dito que as relacións de Noriega con Teixeira se iniciaran por meio de Otero Pedrayo, o que non resulta certo, pois aínda en Febreiro de 1922 Noriega fala-lle a Teixeira del como persoa a quen non coñece o escritor portugués: “Méenos mal que hay en Trasalba un señor de abolengo, dispuesto a ayudarme. También tiene *Casa señorial*, digna de vuestra alcurnia, y luego qe. le comuniqué tan fausta nueva, me sosegó anunciándome que de mil amores os albergará en su morada suntuosa” (Carta de 28.2.1922, *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, op. cit., vol. II, p. 379).

<sup>33</sup> Tamén poeta en galego (e en español) que comparte co noso autor asiduamente as páxinas poéticas de *Vida Gallega*, é o fiscal da Audiencia de Ourense a quen Risco se referira nunha ocasión como “o asqueroso do Fiscal”. Noriega intercede por el diante de Teixeira para que este lle prologue un libro de versos, cousa que finalmente conseguirá: “Don Francisco Salgado López-Quiroga, gran jurisconsulto y Fiscal de la Audiencia de Orense, tiene aficiones literarias y se dispone a publicar una obrita. Si al frente de esa obrita consiguiésemos, cuando menos, *una cuartilla* del gran Teixeira de Pascoaes, conteniendo *su dictámen austero, de superior excelencia*, yo le haría a Dn. Francisco una merced señaladísima, y él habría puesto una pica en Flandes. Díguese acceder, una vez más le pido!, porque Dn. Francisco es *un santo* y sabrá agradecerle el favor inusitado” (Carta de 28.12.1921, *Ibid.*, p.375). Este, Solá e outros das mesmas ideas anti-galeguistas, aínda que defensores dun “rexionalismo ben entendido” baseado fundamentalmente no folclore, si eran amigos de Noriega e formaron o seu círculo fundamental de relación e influencia na etapa de Trasalba; Otero Pedrayo, que pertenceu a este grupo, acabará por se distanciar deles por motivos ideolóxicos, como se reflecte nas páxinas de *Vida Gallega*, onde pasa de recibir grandes eloxios como persoa culta e director do Instituto de Ourense a ser atacado como figura sobranceira do nacionalismo galego.

<sup>34</sup> Vid. Jaime Solá, “Por los vericuetos ourensanos. El poeta Noriega Varela a las alturas de D. Ramón”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 108, 5.6.1918. Neste artigo-reportaxe conta-se unha xornada de convivencia amistosa polas terras de Trasalba entre Solá, Noriega, Otero Pedrayo, Salgado y López Quiroga e Benito Osório. Publican-se fotos do evento, onde aparecen tamén a esposa e as fillas do poeta.

[282] A admiración por Teixeira estendeu-se a outros poetas do país viciño, aos que consideraba, en xeral, superiores aos galegos. No ano 1925 aconsella-lle a un amigo que lle pediu orientación literaria:

“Yo qe. soy un poco experimentado ¿osaré decirle qe. haga poco caso de nuestro parnasillo (si se exceptúa Rosalia, Pondal y Curros), y qe. no se harte de rumiar a los famosos poetas de Portugal? Herculano, Antero de Quental, Guerra Junqueiro, Teixeira de Pascoais y cien otros; ¡cuanto enseñan!”<sup>35</sup>.

### 3.2. Membro do Instituto Histórico do Minho

A relación de Noriega con Portugal fai-se intensa xa a partir da publicación da 1ª edición de *Do Ermo*, en 1920:

“La aparición de *Do Ermo* fue un acontecimiento como no se recordaba desde finales de siglo. Se le nombró miembro del “Instituto Histórico do Minho” y de la “Academia das Sciencias”, de Lisboa. Le hicieron recepciones y celebró recitales en varias ciudades de Galicia y Portugal. Los profesores extranjeros de Coimbra tradujeron sus versos. Le prendó sobremanera la hospitalidad portuguesa. Su estancia en casa de Teixeira de Pascoães, en compañía del poeta Luis Bernárdez, la recordaba deslumbrado”<sup>36</sup>.

[283] Con efecto, *Do Ermo* acabou-se de imprimir o 15 de Xullo de 1920 e o 28 de Febreiro de 1921 é proclamado o autor sócio-correspondente do Instituto Histórico do Minho, en sesión extraordinaria celebrada nesa data:

“Aprovada a acta, foi lido um officio do Sócio Sr. José Cervaens y Rodriguez, ofrecendo un exemplar do livro “D’o Ermo”, por D. António Noriega Varela, o excelso vate que herdou o scetro que Rosalia, a rola de Galiza, e Curros, o divino, empuharam na Poesia da nossa irmã de além-Minho. O Sr. prof. Cervaens y Rodríguez apresenta o lírico orensano em termos da máis fêrvida admiração, filia-o na corrente saudosista e espera que o Instituto há de celebrar o aparecimento deste luminar com um júbilo fraternal [...]”<sup>37</sup>.

Recollen-se na acta outras intervencións de sócios, como a de Silva Campos (quen mostra “as suas preferências pelo espanhol”), e a do Coronel Sarmiento, que denotan a liña ideolóxica dun sector desta Institución:

“O Sr. Coronel Eduardo Sarmiento, para mostrar o apreço en que os portugueses teem o idioma dos seus irmãos da península, falou em espanhol, acentuando que o livro de Noriega Varela, um dos mais interessantes da literatura Galaica, denuncia um exaltado amor à terra natal e aos humildes [...]”<sup>38</sup>.

Finalmente, é proclamado sócio:

<sup>35</sup> Carta de Noriega a Trapero Pardo, de 11.6.1925 (*Antonio Noriega Varela. Estudio e edición..., op. cit.*, vol. II, p. 413).

<sup>36</sup> Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 164.

<sup>37</sup> Cfr. Acta mecanografiada desa sesión, reproducida en *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición..., op. cit.*, vol. II, pp. 341-347.

<sup>38</sup> *Ibid.*, p. 341.



“Consultou o sr. Presidente a assembleia sobre esta proposta, deliberando-se, por unanimidade, admitir D. António Noriega Varela com dispensa de formalidades. Ficou, pois, proclamado sócio-correspondente do Instituto aquele insigne poeta orensano”<sup>39</sup>.

Nesta mesma sesión, a proposta do poeta Avelino Rodríguez-Elias, sería tamén proclamado sócio correspondente do Instituto D. Jaime Solá y Mestre, director da importante revista *Vida Gallega*<sup>40</sup>, editada en Vigo.

[284] Despois viñeron viaxes a Portugal, a participación en homenaxes e recitais poéticos e, mesmo, o nomeamento como membro correspondente da Academia de Ciências de Lisboa, título de que fará ostentación<sup>41</sup>: a partir de agora as fómulas “d’a Academia de Ciências de Lisboa” e “d’o Instituto Histórico d’o Minho” figurarán frecuentemente a continuación do seu nome nas portadas dos libros, ou asinando poemas nas suas colaboracións en prensa.

A excursión triunfal por Portugal de que fala a prensa, é a celebrada con motivo da homenaxe que o Instituto Histórico do Minho lle fai a Rosalia de Castro o 15 de Xullo de 1923, adiantada en *A Aurora do Lima* ao día 13, cunha salutación a Galiza do Secretario-Perpétuo do Instituto, D. Júlio de Lemos, e a publicación, xa na portada, de composicións de poetas galegos e portugueses<sup>42</sup>. O poeta vai participar activamente neste acto:

“Y quieren Silva Campos, el Coronel Sarmiento, y ese corazón de oro que se llama Júlio de Lemos, que tomemos parte principalísima en esa fiesta de *amizade luso-espanhola* mi primogénita hija Cándida (vistiendo el traje típico de esta Tebaida) y un servidor de Vd. *Debalde* intentaría retraerme, ni puedo, ni debo, dada la buena voluntad y el afecto que me demuestran. *Solemnemente*, pues, les di mi palabra de que iré”<sup>43</sup>.

Neste acto de homenaxe a Rosalia, celebrado en Viana do Castelo, Noriega pronunciou un discurso que termina así: [285]

“Em nome da Galiza, ¡obrigado! A sombra augusta da grande escritora presidirá, comovidíssima, a esta inolvidável reunião dos próceres do espírito de Portugal. ¡Obrigado!

<sup>39</sup> *Ibid.*, p. 344.

<sup>40</sup> Tanto a revista como o seu director mantiveron unha posición moi crítica e mesmo hostil contra o movemento galeguista, representado polo grupo “Nós”, e, en xeral, contra todo o nacionalismo galego. Noriega Varela foi usado por Solá como escudo e símbolo dun galeguismo “ben entendido”. Nesta revista Noriega colaborou asiduamente desde a súa chegada a Trasalva, dando a coñecer ali varios poemas que logo conformarían *Do Ermo*, ademais doutras colaboracións como coleccionista de adiviñanzas. Tamén foi obxecto de especial atención a súa traxectoria humana e literaria, coa recensión da súa obra, artigos, entrevistas e reportaxes. *Vida Gallega* foi, na etapa trasalbesa de Noriega, o seu vehículo de expresión, xunto con *Acción Social*, de Mondoñedo, así como o fora *Mondoñedo* ou *El Eco de Villalba* na etapa de Foz, e o será *Vallibria* posteriormente, sen esquecermos a magnífica revista *Céltiga*, de Buenos Aires, que lle dedicou grande atención, entre outras publicacións, pois Noriega sempre tivo grande audiencia na prensa galega do interior e da emigración en América.

<sup>41</sup> En *Justicia*, Mondoñedo, nº 109, 18.8.1923 podemos ler (recollendo a noticia de *Diario de Orense*, 4.8.1923): “Después de su triunfal excursión por tierras de Portugal, regresó a Trasalva, y ayer estuvo en Orense, el eximio poeta de la montaña Antonio Noriega Varela.

Todos los rotativos portugueses han dedicado extraordinarios elogios a la actuación meritísima del autor inmortal de «D’o Ermo».

Por su parte, la Academia de Ciencias de Lisboa le nombró miembro correspondiente de tan destacada institución y el grandioso poeta Teixeira de Pascoaes le hizo huésped suyo en su suntuoso retiro de Amarante.

Noriega Varela —que regresa encantadísimo de tan feliz excursión— se hace todo homenajes para la hospitalaria nación vecina. Con él compartió también los lauros del triunfo su bella hija Cándida”.

<sup>42</sup> Vid. *A Aurora do Lima*, Vianna do Castelo, nº 52, 13. 7. 1923. Os poemas son de Salgado López-Quiroga, Noriega Varela, Manuel Núñez González, Teixeira de Pascoaes, Maria da Glória Teixeira de Vasconcellos, Ramón Fernández Mato e Rosalia de Castro.

<sup>43</sup> Carta de Noriega a Teixeira, de 10.5.1923 (*Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, op. cit., vol. II, p. 390).

O meu humílico traballo literario jamais ambicionou mellor recompensa que a de ser recibido entre vós-outros, ilustres irmáns -e com vós-outros render-me ante os nomes, gloriosísimos, de Portugal e Rosalía<sup>44</sup>.

A seguir viria o recital da filla do poeta, a cuxo remate este sería efusivamente felicitado, entre outros, por Teixeira de Pascoaes<sup>45</sup>, que finalmente asistiría a este acto, despois da carta que lle escribira Noriega a este respecto, citada en parte con anterioridade.

A proxección de Noriega en Portugal vai-se intensificando e aparecen composicións súas en moitos xornais e revistas, fundamentalmente nas do norte<sup>46</sup>. Ao mesmo tempo mantén correspondencia con moitos escritores portugueses, entre eles Raul Brandão, Teixeira de Pascoaes, Júlio de Lemos, João Verde, Vaz Passos, etc.<sup>47</sup>

A súa presenza en Portugal fica clara, ao lado das [286] grandes personalidades da literatura peninsular, tal como se imaxina Maria da Glória Teixeira de Vasconcellos, evocando as amizades que acudían a Amarante:

“Vem à frente o Pascoaes, a quem dou o seu café com um naco de pão de ló; a seguir Unamuno, a quem sirvo o seu copo de leite frio; e depois Mário Beirão, Leonardo Coimbra, Jaime Cortesão, Corrêa de Oliveira a quem dou o seu café acompanhado por um brandy. A Rivera Rovira, Júlio Casal, Vicente Risco, Eugénio d’Ors, Noriega Varela, Ortega y Gasset e a muitos outros, que não me ocorrem à imaginação, sirvo o seu chocolate à portuguesa”<sup>48</sup>.

O desterro da Mariña lucense e o periplo polas terras ourensás non lle resultou estéril ao noso autor, pois esta será a súa etapa definitiva como poeta, ao consolidar a evolución

<sup>44</sup> O discurso foi seguramente pronunciado en español, lingua usada por Noriega nas súas relacións epistolares cos escritores portugueses, e nesta lingua foi reproducido en *Vida Gallega*, Vigo, nº 238, 20.11.1923 e nº 239, 5.12.1923. Mais en Portugal foi editado como separata de *A Aurora do Lima* no ano 1924 na lingua do noso país irmán. Este *Discurso* debe ser ao que se refere Carballo Calero (*Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª ed., Vigo, Ed. Galaxia, 1981 p. 547) como discurso de ingreso no Instituto Histórico do Minho, que non debeu existir como tal, pois non temos outra noticia del e na acta de ingreso consta que: “Consultou o sr. Presidente a assembleia sobre esta proposta, deliberándose, por unanimidade, admitir D. António Noriega Varela com dispensa de formalidades” (cfr. *supra*). Este discurso pode-se considerar aos efectos como un discurso de ingreso, mesmo polo ton xeral do mesmo; posibelmente se refira a el Carballo Calero cando afirma que “unque suscrito por Noriega, non foi realmente redactado por el, senón por Otero Pedrayo”, baseando-se talvez en palabras do propio Otero, a quen está reproducindo na páxina citada. Á vista do texto pode-se afirmar que, efectivamente, unha parte importante do mesmo, aquela onde se tratan aspectos histórico-xeográficos, así como o apartado sobre Compostela, levan a marca do autor de *Arredor de si*, mais outra parte, onde fala de si propio e dos seus amigos portugueses, leva o selo do autor de *Do Ermo*.

<sup>45</sup> En *A Tribuna* recolle-se o seguinte relato, logo traducido e reproducido en *Justicia*, Mondoñedo, nº 109, 18.8.1923: “Candidata Noriega lee versos de Rosalía. ¡Un encanto! Es tal la emoción del momento, que hay lágrimas en muchos semblantes.

Es indescriptible el entusiasmo que la bellísima diseuse despierta. Cuando termina, la sala se pone en pie para aclamarla, y las señoritas que la rodean la besan y abrazan con gran ternura. Su padre, el extraordinario lírico, el divino cantor de la montaña, está emocionadísimo. Camaradas suyos lo felicitan efusivamente, siendo conmovedor el abrazo que Teixeira de Pascoaes le da con los ojos humedecidos”.

<sup>46</sup> Algunhas destas son: *A Aurora do Lima*, de Viana do Castelo, *Almanaque de Ponte-de-Lima*, *A Terra Minhota*, de Monção, *A Aurora do Minho*, de Viana do Castelo, *Triptico*, de Coimbra, *A Águia*, do Porto, *Jornal de Notícias*, do Porto, *A Cidade*, tamén do Porto, etc.

<sup>47</sup> Infelizmente, Noriega non foi nada coidadoso coas súas cousas e, segundo manifesta a familia e algúns amigos, non se conservan cartas que el recibese. As que coñecemos son as que el escribeu, mais tan só algunhas das moitas que supomos que deben existir.

<sup>48</sup> Cfr. *Olhando para trás vejo Pascoaes*, Lisboa, Livraria Portugal, 1971, p. 107. Con esta autora, irmá de Teixeira de Pascoaes, mantivo tamén Noriega abundante correspondencia, segundo se desprende das cartas ao poeta saudosista; constantemente se refere a ela como a Rosalía portuguesa: “El día 7 próximo cumple un mes desde que le envié a la Rosalía de Lusitania un paquete conteniendo varios libros de versos. No tengo noticias de que los haya recibido. Si tal

cara a un maior esteticismo e aperfeizoamento formal na liña dos grandes poetas portugueses, e ao se desprender do costumismo decimonónico que caracterizou a primeira época.

## 4. A cuestión da lingua

### 4.1. A evolución lingüística do autor

Podemos distinguir dúas etapas na traxectoria poética do autor: a primeira, representada por *Montañesas* na súa primeira edición de 1904, en que predomina a poesía realista decimonónica, e unha segunda etapa, representada por *Do Ermo*, de liña intimista franciscana, integrada na poesía do século XX; a segunda edición de *Montañesas* (1910) representa a transición entre unha etapa e outra.

Esta división pode-se proxectar tamén na lingua. O galego da primeira época ten un marcado acento ruralista, grande riqueza léxica e un forte carácter dialectal da área mindoniense do autor<sup>49</sup>; mesmo se pode cualificar coa manida adxectivación de ‘enxebre’, pois recolle moitas palabras, xiros e construcións plenamente representativos da fala tradicional dos labregos da zona<sup>50</sup>; hai predomínio do léxico concreto fronte ao abstracto, como corresponde ao carácter realista das composicións. Mais, inclusive nesta etapa, non se pode dicir que a súa lingua sexa totalmente popular, senón que Noriega, aínda sendo grande amante e estudioso da maneira de falar do pobo, tivo sempre un certo sentido aristocrático á hora de seleccionar as palabras e escolle constantemente aquelas que en cada momento lle parecen máis sonoras, máis musicais ou poéticas, non dubidando en botar man de expresións cultas aprendidas nos seus anos de formación no Seminario, cando o considera conveniente<sup>51</sup>. Así, nunha das súas primeiras composicións, que encabeza o libro *Montañesas*, “Fale meu bisavó”, talvez a de maior sabor tradicional, achamos versos como estes

---

hubiese acontecido es sólo cuestión de reclamarlos, desde ahí o desde aquí. Iban *certificados y conservo resguardo*. Decídsele, os pido, y dignaos también decirle qe. pongo sobre las estrellas su saudosa y exquisita poesía “A Chuva miudinha...” Muchos, señor, procurámos seguir vuestra huella... Entre todos, Maria d’a Glória es, en realidad de verdad, la discípula más aventajada. Sois bien una sangre!” (Carta de 3.6.1923, *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, op. cit., vol. II, p.392).

<sup>49</sup> Para coñecemento dos trazos que caracterizan a fala mindoniense vid. Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, 2ª ed., Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991, especialmente pp. 127-132.

<sup>50</sup> Moitas das palabras, xiros e expresións da fala de Mondoñedo e das aldeas montañesas dos arredores achan-se recollidas no vocabulario manuscrito enviado por Leiras Pulpeiro á Academia Galega. Para unha consulta fíbel do mesmo vid. I. Pérez Pascual e C. Tato García, “O vocabulario de Leiras Pulpeiro (I)”, *Verba*, 13, Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 237-267. Tamén é de utilidade a edición da obra de Leiras feita por Franco Grande (vid. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obra completa*. Estudo crítico de..., Fundación Penzol, Vigo, Ed. Galaxia, 1970), pois completa as aportacións lingüísticas de Leiras con frases, adiviñanzas, refráns e cantares recollidos polo médico poeta, mais esta edición debe ser manexada con cautela, xa que contén evidentes erros de lectura. Así mesmo son de utilidade as notas lingüísticas das edicións de X. Alonso Montero (vid. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas*, Estudio, edición e notas por..., Santiago de Compostela, Edicións Sálvora, 1983) e de Ramón Reimunde (vid. Manuel Leiras Pulpeiro, *Poesía galega completa*. Edición de..., Barcelona, Ediciones Sotelo Blanco, 1984). Mesmo consideramos máis interesantes as aportacións de Leiras para o estudo do léxico de *Montañesas* que as do propio Noriega Varela en *Como falan os brañegos*, pois esta obra pertence a un período bastante posterior ao do libro de versos e, ademais, o seu léxico está recollido directamente dunha zona próxima, mais non especificamente mindoniense, como é a da Graña de Vilarente, no concello de Abadin, aínda que en frecuentes ocasións se produce unha coincidencia entre as dúas. Noriega incorporará algúns dos descubrimentos léxicos da Graña á súa obra da última etapa (por indicar un só exemplo, a palabra “marou-tallo” que aparece en *Como falan os brañegos*, s. v. SER, só a empregará en poemas posteriores a 1928).

<sup>51</sup> Vid. Aquilino Iglesia Alvariño, *A lingua dos poetas do norte de Lugo*, Real Academia Gallega, A Coruña, 1964, pp. 19-25.

A lingua de Rosalia,  
rico caudal de harmonia  
que prendeu a Castelar... [288]

ou ¡Non!, naquel tempo pasado  
non era tan desleigado

quen por un Creso se tiña,  
si daba o leite a vaquiña,  
i abria sucos o arado.

onde aparecen expresións e referencias de carácter culto ou erudito que se afastan do que se entende por lingua popular: “caudal de harmonia”, “prendeu a Castelar”, “por un Creso se tiña”. Entre a súa linguaxe, sen dúbida popular nesta etapa, sempre se deixará ver o poeta culto e estilista. Pasa-lle coa lingua o mesmo que lle aconteceu na vida: adoptando uns ademáns finxidos de rudo campesiño, sabíase dotado dunha grande intelixencia e era posuidor dunha fina sensibilidade e non pequena cultura; describendo as festas, as anqueiras ou os sufrimentos dos labregos soubo estilizar a súa lingua sen perder o sabor popular que a caracteriza.

Na segunda etapa (*Do Ermo*) a depuración temática exixiu-lle tamén unha maior depuración lingüística. A lingua vai-se ir desprendendo do ton popular e do ruralismo colorista para se facer máis culta e abstracta, incorporando termos e expresións non usados con anterioridade. Nisto tivo moito que ver o achegamento definitivo á poesía portuguesa, cuxa frutífera influencia o levará por vías de maior depuración temática e estilística, na procura dun intimismo lírico defrontado co realismo descritivo anterior e dun esteticismo afastado da verbosidade rústica e do ton coloquial.

Porén, non se produce unha importante incorporación de “lusismos” gráficos, morfolóxicos ou léxicos a *Do Ermo*; incorpora, si, palabras cultas utilizadas polos poetas portugueses, mais que non resisten tal cualificativo de lusismos, a non ser que se consideraren así palabras como *saudoso*, *tremelucir*, *fulgurante*, *acordar*, etc.<sup>52</sup> Carballo Calero afirma:

“O poeta que noutrora cultivaba un galego enxebremente dialectal, e parecía considerar erróneo todo intento de creación dunha lingua literaria distinta da fala rústica, acaróbase agora ao portugués, do que toma algúns termos, polo emprego de moitas palabras nobres, conservadas sustancialmente na súa forma latina”<sup>53</sup>.

#### [289] 4.2. Lusismos ou cultismos?

Produce-se un acercamento á estética dos poetas portugueses, o que vai implicar á depuración da lingua rústica e dialectal que con anterioridade empregara, para botar man dun rexisto culto, acorde coa nova temática e coa nova estética. E nos escritores portugueses, igual

<sup>52</sup> Vid. X. L. Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1984, pp. 31-35. Este autor fala do “seu lusismo xeralizado” e exemplifica con *saudoso* e *acordar*; esta última non parece ofrecer dúbidas canto á súa pertenza ao léxico galego e *saudoso* é palabra frecuente nos nosos escritores do XIX, usada inclusive por Noriega nun texto en prosa do ano 1899 (vid. *A cara oculta...*, *op. cit.*, p. 197), texto caracterizado por un conscientemente exaxerado ‘enxebreismo’ lingüístico: “pero un señorito da vila, que seique impronta os boletís e sabe máis que o demo, mandoume unha manada de *versños saudosos* pra que llos acaloumiñe”.

<sup>53</sup> Cfr. *Historia da literatura...*, *op. cit.*, p. 538.

que nos españois, acha eses cultismos greco-latinos que agora precisa. Mais non usará nunca unha palabra nen adoptará unha solución morfolóxica que el non considere plenamente galega; como demostración disto temos as adaptacións que el mesmo realiza de poemas portugueses para o galego<sup>54</sup>. Se, por exemplo, un poeta amigo del e pertencente á mesma área lingüística, Aquilino Iglésia Alvariño, emprega en ocasións formas como *piñeirais*, *rosais*, *azúes*, *insolúvel*, etc., estas solucións morfolóxicas nunca as acharemos en Noriega Varela<sup>55</sup>, que utiliza sempre plurais en *-les* e o sufixo *-ble*. Non se poderá negar que o emprego, por exemplo, do verbo, tamén galego, *tremelucir* estexa incentivado polo uso que del fai Teixeira de Pascoaes ou outros poetas portugueses, e mesmo que a palabra *isolada*, ao mellor, non a utilizaría se a non vise neses mesmos autores; máis claramente tirada do portugués parece a forma *pobresíña*, usada con frecuencia por Guerra Junqueiro e por Teixeira de Pascoaes, entre outros. Mais, en conxunto, non pasarían de catro ou cinco palabras as que poden ser sospeitosos de “lusismo”, a non ser, claro está, que se queiran contabilizar como tais cultismos do tipo de *fulxe*, *fulgurante*, *fascinantes*, *numen*, etc. A utilización da ortografía portuguesa nunha ocasión, no poema “As florinhas dos tojos”, única composición poética en galego incluída na revista ourensá *La Centuria*<sup>56</sup>, debe ser con seguridade responsabilidade dos editores e non do autor, pois nunca máis aparece na súa obra.

Otero Pedrayo, que conviveu con Noriega trece anos en Trasalba e coñecía ben a súa maneira de ser e de pensar, como nos demostra nos numerosos artigos que escribiu sobre el, afirma sobre esta cuestión: [290]

“Pro a lírica, sobre todo a lírica portuguesa facíao meditar, bambeándose entre a admiración e o desacougo. Mais sempre pregoaba a independencia do galego e fuxía de todo inxerimento nil das roseiras portuguesas. Non fallan, houbera sido inhumán chatalo por élo, reflexos portugueses, ben poucos, en Noriega: A «Lágrima», de Guerra Junqueiro no «¡Soberbio pazo!», a pinga de orballo do vate mindoniense”<sup>57</sup>.

A utilización de cultismos gráficos, as “afectacións ortográficas” de que fala Méndez Ferrín<sup>58</sup>, non deben ser atribuídos en exclusiva á poesía portuguesa, senón tamén á española de séculos pasados, e menos a Teixeira de Pascoaes, que fai un uso limitado dos mesmos, rexeitando moitos deles nun artigo de 1911, aínda que recomendado o uso dalgun concretos<sup>59</sup>.

En conxunto, a lingua de Noriega garda fidelidade á fala dos labregos, único modelo que admitía, pois non concebía máis galego que o da aldea. Como non o asistía nengun

<sup>54</sup> Vid, por exemplo, “Canción humilde”, adaptación dun poema de Teixeira de Pascoaes incluído en *Do Ermo* (Antonio Noriega Varela. *Estudio e edición...*, op. cit., vol. I, p. 357), onde, ademais da simples variación ortográfica, muda *dentro* por *drento* ou *Deus* por *Dios*.

<sup>55</sup> Vid. Ricardo Carvalho Calero, “Influências portuguesas no primeiro Aquilino”, in *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1989, pp. 275-281. Contrapón este autor a traxectoria lingüística de Aquilino e Noriega, do que afirma que “arrincou no que di respeito à sua language, da fala popular, da fala rústica, que considerava a única fonte lídima da língua literária, acabou depois dos seus contactos com Portugal e alguns escritores portugueses, por admitir formas e giros aprendidos naqueles, o que se manifesta claramente na maioria dos seus sonetos. Aquilino seguiu o caminho inverso. Na obra posterior a *Señardá* é cada vez mais isolacionista com relação ao português, e tende a umha language fundada na fala, por mui caslhanizada que se atope. Noriega partiu de um galego dialectal e popular para elevarse até um galego que tendia a ser galego-português”.

<sup>56</sup> N° 7, de Xullo de 1918.

<sup>57</sup> Cfr. “Verbas limiares”, in Antonio Noriega Varela, *D'o Ermo* (*Escolma da edición luguesa*), A Cruña, Publicacións da Real Academia Gallega, 1969, pp. 9-21.

<sup>58</sup> Cfr. *De Pondal a Novoneyra*, op. cit., pp. 34-35; atribuí este uso de grafías á poesía renacentista e barroca castelá e á portuguesa finisecular; entre os exemplos menciona a forma *rayña*, nunca empregada por Noriega, que, apesar do “xe-realizado lusismo” de que fala este autor, utiliza sempre a voz *reyna*.

<sup>59</sup> Vid. “A fisionomia das palabras”, in *A saudade e o saudosismo* (*dispersos e opúsculos*), Lisboa, Assírio & Alvim, 1988, pp. 15-18 (publicado previamente en *A Águia*, Porto, n° 5, 1.2.1911).

afán normalizador do seu uso noutros ámbitos, e a depuración que fixo da fala popular foi só con criterios estéticos, a lingua empregada por el ten as características propias do galego aprendido en Mondoñedo; predominarán, portanto, tamén en *Do Ermo*, os dialectalismos, vulgarismos e castelanismos característicos, a maior parte deles, do galego da zona, aínda que nalgúns ocasións os últimos son consecuencia de necesidades métricas ou de rima. Ao pretender seguir de cerca o modelo da fala popular, son moi frecuentes os fenómenos de fonética sintáctica non representados hoxe na lingua estándar ou formalizada; tamén son frecuentes os casos de ausencia de artigo diante do sintagma posesivo + substantivo, unhas veces por necesidades métricas, outras por influencia do español e/ou portugués. Mais non acostumou a incorrer noutras desviacións lingüísticas tan propias da maior parte dos nosos escritores, como foron os chamados pseudogaleguismos, propiciados por un consciente ou inconsciente afán de diferencialismo co español, afán que Noriega non tivo, porque nunca pretendeu que o galego saíse do ámbito en que aquel o tiña recluído; mesmo ridiculizou con dureza os intentos das “Irmandades da Fala” por ir fixando un modelo de lingua estándar<sup>60</sup>.

[291] Tendo, pois, Noriega unha concepción ruralista e folclórica do idioma, ao que amaba como un elemento máis da tradición, igual que o dengue ou a monteira, mais para o que non desexaba outros ámbitos de uso que non fosen os xa habituais do mundo rural, e non pertencendo ideoloxicamente ao movemento galeguista e nacionalista, do que era declarado inimigo, resulta lóxico que non se formulase cuestións normativas tendentes a debuxar unha perspectiva de futuro para a lingua galega, que a convertese en vehículo de comunicación e identificación de todos os galegos e a aproximasen ao tronco comun galego-portugués. Desta forma explica-se que un dos escritores galegos máis lusófilo, talvez o máis lusófilo de todos, sexa, ao mesmo tempo, un dos menos “lusistas”.

#### 4.3. Fidelidade ao modelo dialectal. *Volvendo sobre tres textos apócrifos*

A faceta de Noriega Varela como poeta comprometido co bando sublevado en 1936 contra a legalidade republicana foi posta de manifesto por Claudio Rodríguez Fer na súa tese de doutoramento *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*, lida no ano 1991. Xa con anterioridade, o mesmo autor publicara un artigo<sup>61</sup> onde consideraba a Noriega Varela autor dos tres “Xuicios do Ano” aparecidos no popular calendario *O Gaiteiro de Lugo* no período en que se desenvolveu a guerra civil, quer dicer, durante 1937, 1938 e 1939. Mais hai que ter en conta que nos tres textos non figura nengunha indicación da autoría, feito explicábel polo seu forte compromiso a favor dos sublevados. Desde o primeiro momento tivemos dúbidas sobre tal atribución por non crermos achar nos textos o estilo de Noriega, até que finalmente nos convencemos de que este non podía ser o seu autor; e así o fixemos constar xa en 1992, dando razóns que nos pareceron suficientes<sup>62</sup>.

Ora ben, algunhas novidades bibliográficas dos últimos anos que fan referéncia a esta cuestión obrigan-nos a volver sobre o asunto, aproveitando a releitura actualizadora do

<sup>60</sup> Escrebe-lle, por exemplo, a Trapero Pardo (Carta de 11.6.1925, *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, *op. cit.*, vol. II, p. 413): “Fuímos a La Coruña temiendo una celada, *co-a almiña n'un fio*, porque siempre estuvimos en frente de la Academia Gallega, y en frente de las Hirmandades d'a Fala (que llamámos de la Tala)”.

<sup>61</sup> Vid. C. Rodríguez Fer, “O gaiteiro vai á guerra”, *A Nosa Terra*, Vigo, 17.5.1990.

<sup>62</sup> Vid. fundamentalmente “Noriega Varela no *Gaiteiro de Lugo*. Sobre a autoría de tres textos poéticos escritos en galego durante a guerra civil”, *A Nosa Terra*, Vigo, 26.11.1992. Previamente, incluíramos con reserva eses tres “Xuicios do ano” no noso libro *A cara oculta de Noriega Varela (biografía e textos esquecidos)*, de 1992. Un estudo máis repousado

presente traballo, que xa entregáramos hais anos para a súa inclusión na merecida homenaxe ao profesor Carvalho Calero. [292] Referímonos en concreto ás obras *A literatura galega durante a guerra civil*, de C. Rodríguez Fer, e *Os poetas galegos e Franco. Estudio e antoloxía*, de X. Alonso Montero, que, publicadas en 1994 e 1997 respectivamente, seguen a atribuír eses tres textos a Noriega<sup>63</sup>, autoría tamén refrendada verbalmente por Filgueira Valverde, verdadeiro responsábel da publicación en que os textos apareceron e portanto en principio a persoa máis cualificada para coñecer o seu autor, que, segundo o mesmo Filgueira, persoalmente lle entregaba as composicións e que viña sendo Noriega Varela<sup>64</sup>. Por iso queremos agora reiterar as razóns que nos levaron ao convencimento de que os textos non pertencen a Noriega, aínda que para nada cuestionemos o máis que evidente posicionamento do autor a favor de Franco nen a súa colaboración moi destacada en *O Gaiteiro de Lugo* no período 1931-1935, colaboración que curiosamente desaparece a partir dese ano, deixando de lado os textos en cuestión, cando anteriormente Noriega tiña un papel moi destacado na publicación<sup>65</sup>.

[293] Foron razóns de carácter fundamentalmente lingüístico, aínda que tamén métrico, estilístico e ideolóxico, alén das referidas relacións do autor co popu-[294]lar calendario lucense, as que nos levaron e aínda levan a negar que Noriega Varela sexa o autor dos tres ‘Xuicios do ano’ aparecidos en *O Gaiteiro de Lugo* nos anos 1937, 1938 e 1939.

Como xa apuntamos anteriormente, Noriega Varela ten unha clara concepción lingüística desde os seus primeiros pasos poéticos, e a ela se mantén fiel ao longo da súa dilatada traxectoria literaria. O seu código lingüístico pode-se resumir en: fidelidade á lingua popular, a partir da que elabora a súa lingua literaria; solucións morfolóxicas e léxicas tiradas

---

de toda a obra deste autor, feito con motivo da preparación da nosa tese de doutoramento *Antonio Noriega Varela: vida e obra. Edición crítica*, lida en Xullo de 1992, fixo que as sospeitas fosen en aumento, chegando a cuestionarmos a inclusión deses tres textos dentro da obra do autor de *Do Ermo*, que finalmente suprimimos, pasando-os a apéndice, á hora de publicarmos o traballo (vid. *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*, vol. II, Deputación Provincial, Lugo, 1994, pp. 567-577).

<sup>63</sup> Vid. C. Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil*, Xerais, Vigo, 1994, pp. 98-104, onde, sen facer referencia á nosa posición, mantén con rotundidade a atribución dos textos a Noriega xa realizada en traballos anteriores. Cfr. tamén X. Alonso Montero, *Os poetas galegos e Franco*, Akal, Madrid, 1997, pp. 15-16, quen toma en consideración o noso posicionamento para afirmar: “Nas razóns non ideolóxicas non vai descamiñado Freixeiro Mato, pero, verbo das estritamente ideolóxicas, non hai nos ‘Xuicios’ nada que non poida subscribi-lo cidadán Antonio Noriega Varela, antirrepublicano, antigaleguista, afervoadado franquista e ata falanxista”. Mais xa nos nosos traballos anteriores deixáramos moi claro o perfil ideolóxico de Noriega (*A cara oculta...*, *op. cit.*, pp. 101-26) e ao cuestionarmos a autoría dos tres textos, afirmábase: “As dúbidas sobre a autoría dos mesmos non afecta para nada ao claro apoio do poeta ás forzas rebeldes dirixidas polo xeneral Franco, apoio patente noutros poemas en galego e español desta mesma época” (“Noriega Varela no *Gaiteiro de Lugo...*”, *op. cit.*). De todas as formas Alonso Montero atribúe a Noriega uns versos do ‘Xuicio do ano’ 1937, citando-os ao lado doutros de Cabarcos Suárez, en que se alude a Franco eloxiosamente, cando existen outros textos si de Noriega onde tamén se cita e se louva a Franco (*A cara oculta...*, *op. cit.*, pp. 190 e 192).

<sup>64</sup> Esta foi a versión que Filgueira Valverde lle deu a Rodríguez Fer, segundo este nos dixó en conversa privada, e que o erudito pontevedrés nos confirmou persoalmente e de forma moi concisa cando pretendemos tratar o asunto con el, remetendo-nos ao que lle dixera ao profesor de Lugo e que este xa tiña publicado.

<sup>65</sup> Noriega Varela iniciou a súa colaboración en *O Gaiteiro de Lugo* no ano 1931, como el mesmo indica nese “Xuicio do Ano”:

Non tiña leira, nin leiro,  
nin chavóla, nin palleiro;  
mais ¡qué bon teto ora zugo!  
¡Cheguei a tamborileiro  
d’o Gaiteiriño de Lugo!...  
Castro Lamas, un señor  
noviño, e de moito humor,  
visto que o ano novo chega,  
díxome: “amigo Noriega,  
hay qu’apandar c-o tambor”.

do galego mindoniense (modelo dialectal de lingua); rexeitamento de propostas estandarizadoras formuladas polo movemento galeguista (auséncia, en xeral, de pseudogaleguismos e diferencialismos equivocados, abundancia de castelanismos propios da fala e solucións ortográficas e morfolóxicas á marxe da tradición galego-portuguesa). A súa fidelidade a este modelo de lingua fica patente nas correccións manuscritas que el mesmo realizou nun exemplar de *Como falan os brañegos* dedicado a Couceiro Freijomil<sup>66</sup>, onde rexeita calquer alteración do seu sistema ortográfico ou das súas escollas morfolóxicas e léxicas; escribeu na portada da obra: “Da Real Academia Gallega lo puso el editor sin mi permiso; y *Antón* por Antonio; *unllas* (muchas veces), por uñas; *i*, por y; *locucións*, por locucións; *adverbiás*, por adverbiales; *refráns*, por refrás; etc., etc.” Tamén corrixe sistematicamente *man* por *mau*, ou *com'un*, *com'unha* por *com'on*, *com'onha*, etc... Teña-se en conta que este libro foi editado polos nacionalistas de “Nós” en 1928 e que Noriega se opuxo sempre aos intentos das Irmandades da Fala, a cuxos membros chamaba despecti-

Este “Xuicio do Ano”, a sección máis importante do famoso calendario, vai asinado coas iniciais “A.N.V.”, que non deixan lugar a dúbidas sobre a autoría, igual que os dos anos seguintes, 1932 e 1933; neste último mesmo hai referencia ao traslado do poeta desde a Graña de Vilarente, no concello de Abadín, a Chavin, nas proximidades de Viveiro, onde se xubilará como mestre:

A facer mofa de min  
ben disposto, dixo: “ô fin  
aquí está o tamborileiro  
que fuxindo d’O Gaiteiro  
se escurecéra en Chavin”.

Os “Xuicios do Ano” 1934 e 1935 van asinados como “Un pardabán” e “O tamborileiro d’Espiñarcao”, respectivamente, e non ofrecen nengunha dúbida sobre a autoría de Noriega, pois coinciden cos anteriores nos trazos formais, lingüísticos, humorísticos e ideolóxicos. Ademais, xa no ano 1932 usara para o “Xuicio do Ano” o subtítulo de “Pro-nósticos d’un pardabáo” e nun poema manuscrito de 1940 aparece como dedicatória “Pra unha «señorita»... de Espiñarcáu”, lugar da freguesía de Romariz, no concello de Abadín, tamén citado no poema “Prás canónigas”, incluído no libro *Montañasas (Donde había colorados / refaixos, campaba o cego / de Espiñarcao, un brañego...)*. Nestes números de *O Gaiteiro de Lugo* que van desde 1931 a 1935 Noriega non se limita a facer os “Xuicios do Ano”, senón que incluí varios dos seus poemas xa publicados anteriormente e mesmo un inédito, así como coleccións de refráns, cantares, adiñanzas e ditos populares, que o converten no colaborador máis importante, con moito, desta publicación.

Desde 1936 a 1939, ambos os anos inclusive, non volve aparecer nengun texto asinado por Noriega ou pertencente á súa obra coñecida, polo que se pode sospeitar que a súa colaboración con *O Gaiteiro de Lugo* talvez finalizase en 1935. O “Xuicio do Ano” 1936 vén asinado neste popular calendario por Antón de Sirgal, pseudónimo do cura Teolindo Cortiña Toural, quen xa fixera o do ano 1926, por exemplo. Noriega publicará un “Xuicio do Ano” 1936 na revista *Vallibria*, de Mondoñedo, asinando co seu nome completo (nº 308, de 12.1.1936), onde fai alusións a Xerardo Castro, propietario de *O Gaiteiro de Lugo*, insinuando que non lle pagara o seu traballo anterior:

¿Como estou eu? ¡Coma tres  
c’unha zoca n-a pucharca!  
Si é que toco, ¿cobraréi?  
¿E si non toco? ¡Non paga!  
Pois... ¡jende ben! ¡Maus á angueira!  
e, si o punteiro me falla,  
c’o aire que sál d’o roncón  
iremos suprimindo a falta  
d’O Gaiteiriño de Lugo  
(que de Dios goce sua y-alma).

Con estes antecedentes, e desaparecido o nome de Noriega e as súas composicións nos calendarios do período 1936-1939, non parece estraño que o poeta mindoniense tamén deixase de escribir os ‘Xuicios do ano’, especie de editorial ou parte máis relevante da publicación. Tamén parece importante resaltar que Filgueira Valverde, entón catedrático no Instituto de Lugo, vai colaborar moi activamente, case como verdadeiro director, nas sucesivas edicións de *O Gaiteiro de Lugo* desde 1936, ano a partir do que sai totalmente en galego, por iniciativa súa, até 1957.

<sup>66</sup>Exemplar custodiado no Instituto Padre Sarmiento, de Santiago de Compostela. Pode ver-se tamén a nosa edición da obra en *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, op. cit., vol. 2, p. 177.



vamente “irmauciños da tala”, de elaboraren un modelo comun e supradialectal de lingua e, en xeral, estivo en contra de todo o movemento galeguista e nacionalista, e dos seus esforzos normalizadores. Afirmo del nunha carta a Teixeira de Pascoaes (de 29.12.1922): “Para engrosar sus filas (Dios nos tenga de su mano!) es condición indispensable no saber *ni una palabra de gallego* (ellos inventaron *una jerga* abominable)”.

Os tres “Xuicios do ano” en cuestión seguen un mesmo sistema de representación gráfica e presentan as mesmas solucións morfolóxicas e similares escollas léxicas. Alguns dos fenómenos lingüísticos que aparecen nos tres textos e que se afastan da praxe idiomática do autor de *Do Ermo* son os seguintes: contracción *ao* en todos os casos, fronte ao uso sistemático de *ó* en Noriega; contracción *ca, cas* en vez de *coa* e *coas* usadas sempre polo autor; *pra os, pra as* fronte a *pr’os, pr’as*; representación da conxunción copulativa seguida de artigo como *i-o, i-a* ou *i-en, i-é*, no canto de *y-o, y-a, y-en, y-é...* utilizadas en toda a obra do autor; *ceo* por *ceyo*; *man, gran, chan, irmán* polas formas *mau* ou *mao, grau* ou *grao, chau* ou *chao, irmau* ou *irmao*; plurais en *-ns* (*tabeiróns, [295] xamóns, bens, irmáns*) nunca empregados por Noriega, que segue sempre a norma do galego central (*bes*); casos de teísmo insólitos no autor (*¡Quen te dixera, gaitero...; Se inda veñen males, cala, que piores te virían...*); a forma *galego, galegos* que aparece nos tres textos reiteradamente fora introducida polas Irmandades, ás que Noriega se opuxo, usando sempre *gallego(s)*; outras formas como *outa, ar, dor, doores, siños, Apóstolo, etc.*, xamais empregadas por Noriega, podían encaixar perfectamente no que el mesmo chamaba “barbarismos atroces das Irmandades da Fala”. Alguns destes trazos poderían ser atribuídos á intervención doutras persoas que alterasen o texto en contra da vontade do autor, mais non parece o caso, pois Noriega era extremadamente coidadoso e exixente neste aspecto e, ademais, nos tres números de *O Gaitero de Lugo* hai outros textos transcritos cun sistema gráfico parecido ou igual ao que el empregaba habitualmente.

Tamén na métrica se achan argumentos para cuestionar seriamente a autoría de Noriega, que era un magnífico versificador e que se axustaba constantemente aos moldes tradicionais, sen apenas alteracións; practicamente non se acha un verso en toda a súa produción que non garde a regularidade métrica, mesmo naquelas composicións máis intrascendentes e tamén nos “Xuicios do ano” da súa clara autoría. Porén, no de 1937, que forma un romance de octosílabos con dous tipos de rima, os sete primeiros versos son decasílabos, o v. 8 é hendecasílabo e o v.17 hexasílabo; o texto de 1938, tamén romance de octosílabos con rima asoante en *-á*, ten unha tiraxe inicial de oito versos con rima consoante *-aab-aab*, combinación nunca empregada polo autor.

O “Xuicio do ano” 1939 constitúe un caso especial, onde as fundadas sospeitas sobre a autoría se converten practicamente en evidencias que negan a de Noriega Varela; metricamente consta de dúas partes: romance con rima en *-á* (vv.1-58) e dez pareados de versos alexandrinos (vv.59-78), xamais empregados polo autor mindoniense. Ademais de se acentuaren neste texto os trazos lingüísticos impróprios do poeta, hai nel un trasfondo ideolóxico de carácter galeguista que Noriega nunca tivo, como se pode ver nos seguintes versos:

–Adiviño o porvir pol-os siños do escudo,  
cruces, calis e hostia, falan de un vivir duro;  
siños de sacrificio, non de vida levián,  
espellan o futuro deste pobo cristián [...].  
Vexo a estrada do Apóstolo cuberta de romeiros  
como os que n’outro tempo enchian os vieiros,

vexo montes cubertos pol-a frouma dos pinos,  
a cantar vagarosos os seculares hinos,  
vexo campos vizosos e froitosos pomares  
e videiras cargadas e quentor nos fogares, [296]  
i-os galegos sofridos, trunfando nas campañas  
i-agarimada a terra que é nai das Españas<sup>67</sup>.

Lendo versos como estes temos a sensación de non estarmos perante o autor de *Montañas* e *Do Ermo* ou das composicións satíricas e humorísticas da súa última época, senón diante dun escritor pertencente ao movemento galeguista que, dalgunha maneira, teña participado das inquietudes ideolóxico-lingüísticas das Irmandades da Fala ou dos ideais galeguistas que animaron a xeración do Seminario de Estudos Galegos, aínda que posteriormente abrazase o credo franquista pola súa ideoloxía católica ultradireitista. É sintomático, ademais, o feito de que non haxa nestes tres textos nengunha crítica directa ou indirecta ao galeguismo e aos seus símbolos e institucións, verdadeira teima constante de Noriega nos “Xuicios do ano” anteriores, xunto coa ridiculización da figura de Azaña, tampouco aludida agora. Estas, e non outras, son as razóns ideolóxicas a que aludíamos.

Mais as razóns básicas e fundamentais para negar a autoría de Noriega son as estritamente lingüísticas, pois ao longo de toda a súa traxectoria literaria nunca se afastou do modelo dialectal mindoniense, sobretudo canto ás solucións morfolóxicas, non se deixando influir nen polas propostas estandarizadoras que tentaban a construción dun galego supradialectal nen polo modelo do portugués.

Finalmente, asumindo como asumimos que Noriega Varela non é o autor destes tres textos, ficaría por aclarar a identidade do verdadeiro autor dos mesmos, cuestión para a que de momento non achamos solución, aínda que si posuímos algunhas orientacións como as xa suxeridas nas liñas precedentes. Mais o que si nos parece claro é que Noriega Varela reunía as condicións adecuadas –ideoloxía franquista, autoría de ‘xuicios’ anteriores na mesma publicación, falecemento en 1947 e esquecemento da crítica– para ser considerado o seu autor ou para, interesadamente por parte de alguén, facé-lo cargar coa autoría duns textos que a determinada altura no discorrer dos acontecementos políticos podían resultar incómodos ou seren considerados como politicamente incorrectos.

## 5. Conclusión

Ao longo das páxinas precedentes esperamos ter deixado demostrada a lusofilia do poeta da montaña. Moitos máis testemuños se poderían ofrecer, sobretudo através das entrevistas e da correspondencia, onde constantemente manifesta o seu amor polo país irmán e pola súa literatura, da que se mostra incansábel lector e apaixonado admirador. Só dúas mostras máis en que subxace, talvez inconscientemente, a por el inconfesada identidade lingüístico-cultural galego-portuguesa. Nunha ocasión escribe a Otero Pedrayo: “Siem-[297]pre soñé con unha magnífica revista en la qe. colaborasen exclusivamente portugueses, brasileiros y gallegos”<sup>68</sup>. Na revista *Céltiga*, de Buenos Aires, anúnciase<sup>69</sup> unha nova sección destinada a publicar “composiciós dos millares de poetas e prosistas por-

<sup>67</sup> Cfr. “Xuicio d’o ano”, en *O Gaiteiro de Lugo. Calendario Gallego pr’o ano 1939*, Lugo, 1939.

<sup>68</sup> Carta de 7. 7.1930 (*Antonio Noriega Varela. Estudio e edición...*, op. cit., vol. II, p. 440).

<sup>69</sup> No nº 21, de 10.11.1925.

tugueses. Estará esta seución dirixida pol-o noso ilustre colaborador, o gran poeta galego Antonio Noriega Varela”. Incluída a petición do propio Noriega, leva por título “Letras irmás” e nela aparecen tamén algúns autores brasileiros<sup>70</sup>.

Mais se Noriega amou Portugal e os seus destacados escritores, estes tamén corresponderon coa admiración polo noso autor e pola súa obra, dispensando-lle unha acollida fraternal e louvando a súa poesía. Cando saiu a terceira e decisiva edición de *Do Ermo*, Teixeira de Pascoaes saudou-na con emoción:

“Li, dum fôlego, a nova edição dos seus poemas. Ler não é o verbo próprio. Ler, lê-se um jornal, ou um livro qualquer.

Não li o seu livro: comunguei a sua alma.

O «D’o Ermo» não é papel e tinta: é amor, ternura, candura, enlevo, o inefável divino em que paira o nosso espírito, para além das cousas materiaes e terrenas...

Fiquei mais encantado ainda que da primeira leitura. E eis um grande argumento a favor dos seus poemas, -o maior argumento!

Na verdade, a sua obra é uma das joias mais raras da Literatura peninsular, é uma sublime revelação da Alma galega que nasceu para dar ao mundo a expressão mais pura do Lirismo, a mais idéntica à luz originária que dissipou as trevas”<sup>71</sup>.

[298] Noriega Varela é un poeta con voz propia na poesía galega e *Do Ermo* un elo importante na traxectoria da mesma, que exerceu unha non pequena influencia en poetas como Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglésia Alvariño ou Xosé Maria Diaz Castro, servindo de precedente da corrente poética denominada paisaxismo humanístico ou neovirxilianismo<sup>72</sup>.

Non obstante, e se ben no seu momento foi moi celebrado, *Do Ermo*, e con el toda a poesía de Noriega Varela, está en xeral hoxe moi esquecida. Certo que non corren bons tempos para a lírica, e que, ademais, a traxectoria político-ideolóxica do autor e a súa liña

<sup>70</sup> Esta sección publica-se ocasionalmente desde fins de 1926 até 1928 e incluí as seguintes composicións, que nos ilustran sobre os gostos literarios do autor: “Visita a Casa Paterna”, de Luis Gumaraes; “Ao cair das folhas”, de António Nobre; “These e Antithese”, de Anthero de Qental; un artigo intitulado “O bello-poético”, de Gastão França Amaral, tamén citado e comentado por Noriega nunha carta a Teixeira de Pascoaes; unha selección de tres sonetos do mesmo Anthero de Qental (“Visita”, “O Palacio da Ventura” e “Na Mao de Deus”); “Ouvir estrelas”, de Olavo Bilac; “Serranilha popular”, anónima; “Tanta injustiça”, soneto anónimo; “Inania verba”, outro soneto de Olavo Bilac; “Dormir”, de Maria Augusta dos Santos Nogueira; “A trova de Aninhas”, de Tomás Ribeiro; “Uma gota de chuva”, de Teixeira de Pascoaes; e “As barcas”, de Fernanda de Castro.

<sup>71</sup> Cfr. *Vallibria*, Mondoñedo, nº 26, 24.8.1930; tamén foi reproducida esta carta na 4ª ed. de *Do Ermo*, a edición luguesa de 1946, última en vida do autor. Con ocasión da 3ª ed. de Mondoñedo (1929) foi o propio Noriega quen lle enviou un exemplar a Teixeira, ao contrario do que sucedera coa 1ª ed. de 1920, que chegou a Teixeira por meio de Vicente Risco e sen dedicatória do autor, pois aínda non se coñecían. Este exemplar de 1929 de *Do Ermo*, que, igual que o anterior, se acha na casa de Amarante, leva a seguinte dedicatória:

“Excmo. Senhor Don Joaquin Teixeira de Pascoaes: Altísimo Poeta, Maestro y Señor mío. En mis manos y en mi espíritu, vuestra preciosísima edición de “Maranos”. ¡Infinitas gracias!

Para de alguna manera significaros mi eterna gratitud os ofrezco, muy respetuosamente, esta novísima edición de “D’o Ermo” y con encarecimiento os ruego que algún día os digneis manifestarme vuestro dictámen austero de superior excelencia, pues *más que ningún otro me importa*, y contando de antemano con vuestra proverbial benevolencia, lo haré público.

Os besa la mano

Antonio Noriega Varela

St. María Magdalena da Graña de Villarente (Abadín-Lugo) a 23 de julio 1930”.

<sup>72</sup> Cfr. C. Rodríguez Fer, “A poesía galega de postguerra”, in *A nosa literatura: unha interpretación para hoxe (II)*, Sada-A Coruña, Edicións Xistral, 1985, pp. 21-28, onde afirma: “A liña paisaxística, seguindo polo xeral o maxisterio de Antón Noriega Varela e da súa escola humanística, na que a humanización da paisaxe é correlativa á expresión da soidade e dos sentimentos do home, tivo un núcleo fundamental na postguerra entre varios escritores saídos do Seminario

temática non despertan grandes simpatías no público lector, mais xa Carvalho Calero, grande admirador do poeta da montaña, e especialmente dos seus sonetos, así como un dos mellores estudiosos do mesmo, nos deixou escritas acertadamente en 1969 estas palabras coas que, a modo de homenaxe ao ilustre profesor, se pon fin a este traballo:

“A emoción galega, a ternura perante as criaturas humildes, a mestría técnica, o sentido estético son valores da poesía de Noriega que, calesquera que sexan as urxencias da hora, todo espírito ceibo ten que recoñecer e disfrutar. Os espartanos cantaban os cantos de Tirteo, que eran poesía de loita, cando avantaban cara os seus inimigos. Secomasí, sin deixar de ser o que eran, gustaron tamén de Alcmán, que non cultivaba ese tipo de poesía. Non agardemos que, por agora, os versos de Noriega acaden unha popularidade especial. Quero dicir, que se graben discos coas poesías do cantor do ermo. Pero non hai dúbida de que Noriega, con Cabanillas, inaugura unha nova etapa da [299] poesía galega, e a súa importancia non se pode negar. É un poeta orixinal. E ¿qué mais pode ser un poeta?”<sup>73</sup>

---

de Mondoñedo”. Este mesmo estudioso (cfr. *Arte literaria. Catálogo, descrición e teoría crítica para a comprensión e comentario dos textos*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991, p. 144), ao definir *escola literaria*, pon o seguinte exemplo: “O libro *D’o Ermo*, de Antón Noriega Varela, é a primeira obra paradigmática da escola paisaxística da provincia de Lugo, que tivo na cidade de Mondoñedo un dos seus principais centros de encontro”.

<sup>73</sup> Cfr. “Antonio Noriega Varela”, in *Libros e autores galegos. Século XX*, Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982, p. 13.